O remate do curso, despois da terceira avaliación parcial e antes da avaliación final, realizarase unha proba obxectiva final na que cada alumno/a recuperará a/as unidades didácticas que non teña superadas. A puntuación da proba será de 1 a 10 puntos, sendo necesario obter unha nota mínima de 5 para superala.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Procedemento de avaliación do alumnado con perda do dereito á avaliación continua.

A avaliación continua do/a alumno/a require a asistencia regular ás clases. Quen teña un total de faltas de asistencia non xustificadas ás aulas superior ó 10% do total do horario do módulo (mais de 9 faltas) perderá o dereito a presentarse as probas parciais obxectivas de cada unidade didáctica e mesmo perderá as cualificacións parciais das unidades didácticas ás que se houberse presentado.

Estes/as alumnos/as serán avaliados mediante unha proba extraordinaria de avaliación (proba de carácter obxectivo) sobre toda a programación do módulo. Para estes/as alumnos/as a nota final formarase unicamente coa nota desta proba obxectiva final e deberán obter unha nota de 5 ou superior para superar o módulo profesional.

Esta proba extraordinaria de avaliación será previa a avaliación final de módulos correspondente

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Mensualmente realizarase unha valoración da evolución da programación

Ó final do ano realizase unha valoración global

Ó final do curso académico realizarase unha enquisa entre o alumnado para valorar a práctica docente.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Observación de coñecementos, procedementos e destrezas do alumno durante o primeiro mes de clase

Confrontación das observacións coas realizadas por outros profesores e coa información do titor

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Atención personalizada na aula

Establecemento de tarefas extraordinarias con seguimento particular polo profesor

Medidas de adaptación curricular, cando sexan necesarias e segundo o establecido normativamente

Consistirán basicamente na atención personalizada na aula e no establecemento de tarefas complementarias con seguimento do profesor.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores cívicos e profesionais esta presente en todas as unidades didácticas que forman o módulo coa finalidade de formar cidadáns e profesionais comprometidos cos valores dunha sociedade democrática.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Participación en actividades complementarias que xordan ó longo do curso: conferencias, charlas,

10. Outros apartados

10.1) Metodoloxía na ensinanza a distancia

O módulo disporá dun curso aberto na aula virtual do centro. Esta aula será a vía principal para a ensinanza telemática e será a vía de comunicación co alumnado.

Para a ensinanza telemática contémpanse tres posibles escenarios:

Metodoloxía no caso de ensinanzas telemática parcial (arredor do 20%):

Durante o horario da ensinanza telemática o alumnado resolverá, a maior parte do tempo, tarefas encargadas polo profesor. Durante este horario o profesor permanecerá conectado a aula virtual e a disposición para a resolución de dúbidas.

Excepcionalmente podense utilizar outras metodoloxías como a grabación de vídeos explicativos que se colgarian na aula virtual ou tamén explicacións por medio de videoconferencia.

Metodoloxía no caso de ensinanza telemática total (por confinamento)

Nesta situación farase un uso como mais extensivo tanto dos vídeos como das explicacións por medio de videoconferencia.

Metoloxía no caso de ensinanza telemática para algún alumno en corentena

O alumnado terá a súa disposición, na aula virtual, todo o material necesario para o seguemento do módulo e a realización das tarefas que corresponda facer nese período. Tamén terá a súa disposición os Foros da aula virtual para a consulta de dúbidas.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	Luís Seoane	Pontevedra	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CSADG02	Asistencia á dirección	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0648	Recursos humanos e responsabilidade social corporativa	2023/2024	3	80	96

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA JESÚS CÓRDOBA BARCALA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O ámbito espacial que abarcan os estudos de Administración de empresas que se imparten no instituto é o de Pontevedra e toda a súa comarca.

O entorno produtivo de Pontevedra é comarca está baseado en PEMES, empresas de tamaño reducido e con escasa especialización. Fundamentalmente empresas que operan en sectores económicos tradicionais e con un forte peso dos sector servizos. Na cidade de Pontevedra é importante a actividade de servizos a empresas (asesorías contables, financeiras, xurídicas, laborais e de xestión administrativa xeral, así como empresas de consultoría).

Este pequeno tamaño das empresas do noso entorno produtivo fai que os seus departamentos de administración sexan moi xeneralistas e pouco especializados. Neste contexto demandan profesionais de amplo espectro formativo que poidan atender todos os ámbitos da función de administración na empresa.

É importante destacar que existe unha ampla demanda de profesionais do grao superior de Administración e Finanzas por parte de asesorías e outras empresas que prestan servizos administrativos e de asesoramento a outras empresas.

Neste senso esta programación adecúase a estas necesidades do entorno produtivo e permite formar Técnicos Superiores en Administración de Finanzas con un amplo coñecemento en materia de Recursos Humanos.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe				
					MP0648_00				
					RA1	RA2	RA3	RA4	RA5
1	O departamento de Recursos Humanos na empresa	Identificaremos o departamento de Recursos Humanos dentro da empresa e describiremos as súas funcións	4	5			X		
2	Selección de persoal	Describiremos como planifican as empresas as súas necesidades de persoal, os procedementos para seleccionar novo persoal e os organismos e entidades dedicados á selección de persoal	18	15				X	
3	Formación de Recursos Humanos	Describiremos como planifican as empresas a formación dos seus traballadores, os métodos que se poden empregar para a formación e as empresas e organismos que participan na formación, con especial atención á Fundación Tripartita	16	15					X
4	Desenvolvemento dos Recursos Humanos	Cofeceremos en que consiste a avaliación do desempeño, os métodos de avaliación que se poden aplicaer e as consecuencias que a avaliación ten, ou poder ter, respecto dos traballadores, fundamentalmente no que se refire a súa promoción dentro da empresa. Valoraremos a importancia e as vantaxes de que se apliquen sistemas de avaliación do desempeño por parte das empresas.	11	15					X
5	Retribución dos Recursos Humanos	Estudaremos que se entende por políticas retributivas e os fundamentos dos sistemas de retribución dos traballadores. Analizaremos como se reflicten as retribucións nos convenios colectivos das empresas ou sectores	8	15					X
6	A función administrativa de Recursos Humanos	Analizaremos a administración de recursos humanos: control do persoal, documentación que se xera entre a empresa e os empregados e entre a empresa e as Administracións Públicas como consecuencia das obrigas de carácter laboral e fiscal que a empresa ten respecto dos seus traballadores. Describiremos o sistema de arquivo e conservación da documentación e valoraremos a importancia da confidencialidade respecto dos datos do persoal da empresa. Aprenderemos o manexo dun programa informático de control e xestión de persoal.	10	15			X		
7	Ética empresarial e Responsabilidade Social Corporativa	Estudaremos que se entende por ética empresarial e valoraremos a importancia da ética na actividade empresarial e da aplicación de políticas de Responsabilidade Social Corporativa, identificando a normativa existente a nivel europeo, estatal e autonómico	18	15	X	X			
8	Práctica profesional	Realizaremos un proxecto de empresa no que desenvolveremos as diferentes funcións/actividades relacionadas cos recursos humanos: creación da empresa e alta na seguridade social, selección de persoal, elaboración do plan de formación e de avaliación do desempeño e promoción, establecemento do sistema de retribucións aplicable á empresa segundo a normativa e medidas de Responsabilidade Social Corporativa.	11	5		X	X	X	X
Total:			96						

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O departamento de Recursos Humanos na empresa	4

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Coordina os fluxos de información do departamento de recursos humanos a través da organización, aplicando habilidades persoais e sociais en procesos de xestión de recursos humanos.	NO

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Describir as funcións do departamento de Recursos Humanos	1	O departamento de recursos humanos	4,0
TOTAL			4

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Descríbense as funcións que cumpra desenvolver na área da empresa que se encarga da xestión de recursos humanos.			0
CA3.1.1 Descríbense as funcións que cumpra desenvolver na área da empresa que se encarga da xestión de recursos humanos.	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Cuestionario sobre as funcións que cumpra desenvolver na área da empresa que se encarga da xestión de recursos humanos 	S	50
CA3.1.2 Defínense e elaboranse as funcións que cumpra desenvolver na área da empresa que se encarga da xestión de recursos humanos.	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Suposto práctico de definición e elaboración das funcións que cumpra desenvolver na área da empresa que se encarga da xestión de recursos humanos 	N	50
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>A empresa e a súa organización</p> <p>Recursos humanos na empresa: organización formal e informal.</p> <p>Departamento de recursos humanos: modelos de xestión de recursos humanos.</p> <p>Funcións do departamento de recursos humanos</p> <p>Modelos de xestión de recursos humanos</p>

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O departamento de recursos humanos - Nesta actividade identificaremos o departamento de Recursos Humanos dentro da empresa e describiremos as súas funcións	<ul style="list-style-type: none"> • Descrición das formas de organización da empresa e das funcións do departamento de Recursos Humanos • Resolución de supostos prácticos sobre organización da empresa e funcións do departamento de Recursos Humanos 	<ul style="list-style-type: none"> • A organización da empresa. Cuestionario de preguntas sobre a organización da empresa. • Os organigramas. Realización de organigramas para diferentes modelos de empresa. • O departamento de recursos humanos. Cuestionario de preguntas sobre o departamento de recursos humanos e as súas funcións e sobre a evolución histórica da xestión de recursos humanos. • Cuestionario. • Tarefa de avaliación con PE1 e PE2 	<ul style="list-style-type: none"> • Os documentos co cuestionario realizado • O documento cos organigramas • Probas escrita realizada 	<ul style="list-style-type: none"> • Apuntes do profesor • Computador persoal en rede para os alumnos. • Aula polivalente (proxector e pantalla) con equipo informático para o profesor. • Aula virtual 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 - Cuestionario sobre as funcións que cumpra desenvolver na área da empresa que se encarga da xestión de recursos humanos • PE.2 - Suposto práctico de definición e elaboración das funcións que cumpra desenvolver na área da empresa que se encarga da xestión de recursos humanos 	4,0
TOTAL						4,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Selección de persoal	18

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Aplica os procedementos administrativos relativos á selección de recursos humanos, elixindo os métodos e os instrumentos máis adecuados á política de cada organización.	NO

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Valorar a importancia do perfil profesional para definir os postos de traballo 1.2 Recoñecer e elaborar o perfil profesional dun posto de traballo	1	Planificación dos Recursos Humanos	5,0
2.1 Establecer as fases dun proceso de selección de persoal, identificar a información que se xera en cada fase e elaborar a documentación necesaria en cada fase 2.2 Identificar organismos e empresas dedicados á selección de persoal 2.3 Coñecer as vías de comunicación e a documentación que se xera nun proceso de selección de persoal e realizar o seu arquivo	2	O proceso de selección de persoal	8,0
3.1 Coñecer os métodos e instrumentos de selección de persoal	3	Probas de selección	5,0
TOTAL			18

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Identifícanse os organismos e as empresas salientables no mercado laboral dedicados á selección e a formación de recursos humanos.	● PE.1 - Cuestionario sobre organismos e empresas dedicados á selección e a formación de recursos humanos	S	20
CA4.2 Estableceuse a secuencia das fases dun proceso de selección de persoal e as súas características fundamentais.	● PE.2 - Cuestionario sobre as fases do proceso de selección de persoal	S	10
CA4.3 Identificouse a información que se xera en cada fase dun proceso de selección de persoal.	● PE.3 - Cuestionario sobre a información que se xera en cada fase do proceso de selección	S	20
CA4.4 Valorouse a importancia do recoñecemento do concepto de perfil do posto de traballo para seleccionar os currículos.			0
CA4.4.1 Recoñecese o concepto de perfil do posto de traballo para seleccionar os currículos	● PE.4 - Cuestionario de preguntas e supostos prácticos sobre o concepto de perfil profesional	S	20
CA4.4.2 Valorouse a importancia do concepto de perfil profesional	● PE.5 - Cuestionario de preguntas breves sobre a importancia do perfil profesional	S	10
CA4.5 Establecéronse as características dos métodos e os instrumentos de selección de persoal máis utilizados en función do perfil do posto de traballo.	● PE.6 - Cuestionario sobre os métodos e instrumentos de selección de persoal.	S	20
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Tipos de probas de selección</p> <p>Información ao novo persoal sobre a documentación deba achegar.</p> <p>Rexistro e arquivo da información e documentación.</p> <p>Organismos e empresas de selección e formación de recursos humanos.</p> <p>Planificación dos recursos humanos.</p> <p>Determinación do perfil profesional.</p> <p>Descrición do posto de traballo</p> <p>Determinación do perfil profesional</p> <p>Os profesiogramas</p> <p>Sistemas de selección de persoal.</p> <p>Elaboración da oferta de emprego.</p> <p>Recepción de candidaturas.</p> <p>Desenvolvemento das probas de selección.</p> <p>Elección da persoa candidata.</p>

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Planificación dos Recursos Humanos - Nesta actividade analizaremos como se fai a descrición dun posto de traballo e como se establece o seu perfil.	<ul style="list-style-type: none"> • Descrición do proceso de planificación de recursos humanos e da confección do perfil profesional do posto de traballo • Resolución de supostos prácticos sobre elaboración do perfil profesional dun posto de traballo 	<ul style="list-style-type: none"> • Cuestionario sobre un vídeo • Planificación das necesidades de persoal. Cuestionario de preguntas sobre planificación do persoal. • As competencias. Suposto práctico de identificación de competencias e de interpretación dos niveis de desempeño dunha competencia. • As competencias. Suposto práctico de identificación de competencias e de interpretación dos niveis de desempeño dunha competencia. • Elaboración do perfil profesional. Suposto práctico de elaboración da documentación do perfil do posto de traballo. • Elaboración do perfil profesional. Suposto práctico de elaboración da documentación do perfil do posto de traballo. • Planificación das necesidades de persoal. Cuestionario de preguntas tipo test sobre planificación de persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> • O suposto práctico realizado • Cuestionario resolto • A proba escrita realizada 	<ul style="list-style-type: none"> • Apuntes do profesor • Aula virtual • Aula polivalente (proxeutor e pantalla) con equipo informático para o profesor 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.4 - Cuestionario de preguntas e supostos prácticos sobre o concepto de perfil profesional • PE.5 - Cuestionario de preguntas breves sobre a importancia do perfil profesional 	5,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O proceso de selección de persoal - Nesta actividade describiremos as diferentes fases dun proceso de selección de persoal	<ul style="list-style-type: none"> • Descrición das diferentes fases dun proceso de selección de persoal. • Resolución de supostos prácticos sobre o proceso de selección de persoal 	<ul style="list-style-type: none"> • Fontes de recrutamento. Análise do que establecen os convenios colectivos acerca das formas de recrutar persoal. • Oferta de emprego. Redacción dun anuncio de oferta de emprego para a súa comunicación nun medio escrito. • Proceso de preselección. Comunicación de que a solicitude de participación no proceso de selección para un posto de traballo foi estimada ou desestimada. • Comunicación do resultado da selección. Comunicación do resultado do proceso de selección para un posto de traballo, indicando se o candidato foi seleccionado ou non. • Cuestionario. Cuestionario tipo test sobre o proceso de selección de persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> • O cuestionario realizado • O anuncio realizado • A comunicación realizada • Informe realizado • O suposto práctico realizado. 	<ul style="list-style-type: none"> • Apuntes do profesor • Aula polivalente (proxeutor e pantalla) con equipo informático para o profesor • Computador persoal en rede para os alumnos • Aula virtual 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 - Cuestionario sobre organismos e empresas dedicados á selección e a formación de recursos humanos • PE.2 - Cuestionario sobre as fases do proceso de selección de persoal • PE.3 - Cuestionario sobre a información que se xera en cada fase do proceso de selección 	8,0
Probas de selección - Nesta actividade coñeceremos as diferentes probas existentes para a selección de persoal.	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación dos métodos e instrumentos de selección de persoal • Resolución de supostos prácticos sobre uso de instrumentos de selección de persoal 	<ul style="list-style-type: none"> • As probas de selección. Cuestionario de preguntas sobre métodos e instrumentos de selección de persoal. • As probas de selección. Cuestionario tipo test sobre métodos e instrumentos de selección de persoal. • A entrevista. Cuestionario sobre un vídeo • A entrevista. Simulación dunha entrevista • Tarefa de avaliación combinada con PE2, PE3, PE4, PE5, PE6 e PE7 	<ul style="list-style-type: none"> • O cuestionario realizado 	<ul style="list-style-type: none"> • Computador persoal en rede para os alumnos • Aula polivalente (proxeutor e pantalla) con equipo informático para o profesor • Aula virtual • Apuntes do profesor 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.6 - Cuestionario sobre os métodos e instrumentos de selección de persoal. 	5,0
TOTAL						18,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Formación de Recursos Humanos	16

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Xestiona os procedementos administrativos relativos á formación, a promoción e o desenvolvemento de recursos humanos, designando os métodos e os instrumentos máis adecuados.	NO

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Reunir información sobre as necesidades formativas da empresa 1.2 Establecer as características dos métodos e instrumentos do proceso de formación 1.3 Identificar as funcións e funcionamento da Fundación Tripartita	1	Formación de recursos humanos	8,0
2.1 Planificar as fases do plan de formación 2.2 Elaborar o proxecto de formación 2.3 Xestionar e avaliar a formación	2	A formación programada polas empresas	8,0
TOTAL			16

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA5.1 Planificáronse as fases dos procesos de formación e promoción de persoal.			0
CA5.1.1 Planificáronse as fases dos procesos de formación de persoal	● PE.1 - Suposto práctico sobre as fases dun proceso de selección de persoal	S	15
CA5.2 Establecéronse as características dos métodos e os instrumentos dos procesos de formación.	● PE.2 - Cuestionario sobre as características dos métodos e os instrumentos dos procesos de formación	S	45
CA5.3 Identificouse a información que se xera en cada fase dos procesos de formación e promoción de persoal.			0
CA5.3.1 Identificouse a información que se xera en cada fase dos procesos de formación de persoal	● PE.3 - Cuestionario sobre a información que se xera en cada fase dos procesos de formación de persoal	S	20
CA5.6 Reuniuse información sobre as necesidades formativas da empresa.	● PE.4 - Suposto práctico sobre necesidades formativas das empresas	N	10
CA5.7 Detectáronse as necesidades de recursos materiais e humanos no proceso de formación.	● PE.5 - Suposto teórico-práctico sobre as necesidades de recursos materiais e humanos no proceso de formación	N	5
CA5.10 Aplicáronse os procedementos administrativos de seguimento e avaliación da formación.	● PE.6 - Suposto práctico sobre procedementos de seguimento e avaliación da formación	N	5
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Técnicas de formación</p> <p>Seguimento e avaliación da formación.</p> <p>Sistema de formación profesional en España</p> <p>Formación na empresa: detección das necesidades.</p> <p>Plan de formación: recursos materiais e humanos.</p> <p>Avaliación do plan: orzamento.</p> <p>O custo da formación</p> <p>Financiamento da formación</p> <p>Xestión e organización da formación: procedementos administrativos.</p> <p>Programas de formación das administracións públicas.</p>

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Formación de recursos humanos - Nesta actividade estudaremos a importancia da formación para as empresas e describiremos os métodos e instrumentos de formación e a forma de financiala	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación do sistema de formación profesional en España, particularmente da formación para o emprego e descrición dos métodos e instrumentos de formación e a forma de financiala. • Resolución de supostos prácticos sobre formación 	<ul style="list-style-type: none"> • Permisos individuais de formación (PIF). Tramitar e identificar un permiso individual de formación • A formación nos convenios colectivos Analizar como se recolle a formación dos traballadores nos convenios colectivos. • Cuestionario • Contrato de formación e aprendizaxe. Cuestionario de preguntas sobre o contrato de aprendizaxe • Custes de formación. Relacionar e diferenciar os custes da formación que ten a empresa. • Custes de formación. Relacionar e diferenciar os custes da formación que ten a empresa. • Crédito de formación. Realizar os cálculos para coñecer o total de crédito para a formación do que pode dispor a empresa nun determinado ano. • Financiamento da formación. Realización de cálculos relativos ao financiamento da formación. • Financiamento da formación. Realización de cálculos relativos ao financiamento da formación. • A formación nos convenios colectivos Analizar como se recolle a formación dos traballadores nos convenios colectivos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Documento cos cálculos realizados • Informe realizado • Documentos normalizados • A proba escrita realizada 	<ul style="list-style-type: none"> • Apuntes do profesor • Computador persoal en rede para os alumnos • Aula virtual • Aula polivalente (proxector e pantalla) con equipo informático para o profesor 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.2 - Cuestionario sobre as características dos métodos e os instrumentos dos procesos de formación 	8,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A formación programada polas empresas - Nesta actividade estudaremos como elaboran e xestionan as empresas o seu proxecto de formación	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación das características da formación na empresa. O proxecto formativo e as súas fases • Resolución de supostos prácticos sobre a elaboración, xestión e avaliación do proxecto formativo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Definir obxectivos formativos. Detectar as necesidades de formación e definir os obxectivos formativos para a empresa nun determinado momento • Elaborar o proxecto de formación dunha empresa e facer a comunicación á representación legal dos traballadores • Comunicación das actividades formativas. Realizar as comunicacións precisas ao persoal informando sobre as actividades de formación que vai realizar a empresa e as que se deriven do proceso de formación. • Tramitación do proxecto de formación. Realizar os trámites ante a fundación Estatal para a formación no emprego, no caso en que a empresa organiza a formación e contrata a entidade formadora. • Tramitación do proxecto de formación. Realizar os trámites ante a fundación Estatal para a formación no emprego, no caso en que a empresa encomenda a formación. • Avaliación da formación. Realizar o procedemento administrativo de avaliación da formación. • Cuestionario. Cuestionario de preguntas breves sobre a formación que imparten as empresas. • Tarefa de avaliación combinada con PE1, PE2, PE3, PE5, PE6 e PE9 	<ul style="list-style-type: none"> • Documento con proxecto de formación • Documentos de xestión do proxecto de formación • Documentos de comunicación co persoal • Documento de avaliación da formación • Documento con obxectivos formativos • Proba escrita realizada 	<ul style="list-style-type: none"> • Apuntes do profesor • Computador persoal en rede para os alumnos • Aula virtual • Aula polivalente (proxector e pantalla) con equipo informático para o profesor 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 - Suposto práctico sobre as fases dun proceso de selección de persoal • PE.3 - Cuestionario sobre a información que se xera en cada fase dos procesos de formación de persoal • PE.4 - Suposto práctico sobre necesidades formativas das empresas • PE.5 - Suposto teórico-práctico sobre as necesidades de recursos materiais e humanos no proceso de formación • PE.6 - Suposto práctico sobre procedementos de seguimento e avaliación da formación 	8,0
TOTAL						16,0

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Desenvolvemento dos Recursos Humanos	11

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Xestiona os procedementos administrativos relativos á formación, a promoción e o desenvolvemento de recursos humanos, designando os métodos e os instrumentos máis adecuados.	NO

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer diversos sistema de avaliación do desempeño e a importancia da súa aplicación na empresa 1.2 Elaborar a documentación que se deriva dos procesos de avaliación do desempeño do persoal	1	Avaliación do desempeño	6,0
2.1 Coñecer e valorar a importancia dos sistemas de promoción do persoal na empresa 2.2 Elaborar a documentación que se deriva dos procesos de promoción do persoal	2	Promoción e desenvolvemento profesional	5,0
TOTAL			11

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA5.1 Planifícanse as fases dos procesos de formación e promoción de persoal.			0
CA5.1.2 Planifícanse as fases do proceso de avaliación do desempeño do persoal	● PE.1 - Suposto práctico sobre as fases dos procesos de avaliación do desempeño do persoal	N	25
CA5.3 Identifícase a información que se xera en cada fase dos procesos de formación e promoción de persoal.			0
CA5.3.2 Identifícase a información que se xera en cada fase dos procesos de promoción de persoal	● PE.2 - Cuestionario de preguntas sobre a información que se xera nos procesos de promoción	S	35
CA5.3.3 Identifícase a información que se xera en cada fase do proceso de avaliación do desempeño do persoal.	● PE.3 - Cuestionario sobre a información que se xera nos procesos de avaliación do desempeño	S	40
TOTAL			100

4.4.e) Contidos

Contidos
Métodos do desenvolvemento profesional.
Programas de avaliación do desempeño do posto de traballo.

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Avaliación do desempeño - Nesta actividade descubriremos que se entende por avaliación do desempeño e coñeceremos os métodos de avaliación.	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación do concepto de avaliación do desempeño e dos métodos de avaliación • Resolución de supostos prácticos sobre métodos de avaliación do desempeño. 	<ul style="list-style-type: none"> • Os obxectivos. Suposto práctico de definición dun obxectivo • Avaliación do desempeño. Suposto práctico dun proceso de avaliación do desempeño • Avaliación do desempeño. Suposto práctico dun proceso de avaliación do desempeño • Cuestionario de preguntas breves sobre avaliación do desempeño 	<ul style="list-style-type: none"> • Documentos e cuestionario resoltos • Exercicio resolto • A proba escrita realizada 	<ul style="list-style-type: none"> • Apuntes do profesor • Computador persoal en rede para os alumnos • Aula polivalente (proxeutor e pantalla) con equipo informático para o profesor. • Aula virtual 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 - Suposto práctico sobre as fases dos procesos de avaliación do desempeño do persoal • PE.3 - Cuestionario sobre a información que se xera nos procesos de avaliación do desempeño 	6,0
Promoción e desenvolvemento profesional - Nesta actividade describiremos os procesos de promoción e desenvolvemento profesional dos traballadores	<ul style="list-style-type: none"> • Descrición dos procesos de promoción e desenvolvemento profesional • Solución de supostos prácticos sobre o proceso de promoción 	<ul style="list-style-type: none"> • Promoción no emprego. A promoción no emprego nos convenios colectivos • Promoción no emprego. A promoción no emprego nos convenios colectivos • Procesos na promoción dos traballadores. As fases dos procesos de promoción e as vías de comunicación entre a empresa e os traballadores • Procesos na promoción dos traballadores. As fases dos procesos de promoción e as vías de comunicación entre a empresa e os traballadores • Tarefa de avaliación combinada con PE1, PE2 e PE3 	<ul style="list-style-type: none"> • Os cuestionarios e documentos realizados • Proba escrita resolta 	<ul style="list-style-type: none"> • Apuntes do profesor • Aula polivalente (proxeutor e pantalla) con equipo informático para o profesor • Computador persoal en rede para os alumnos • Aula virtual. 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.2 - Cuestionario de preguntas sobre a información que se xera nos procesos de promoción 	5,0
TOTAL						11,0

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Retribución dos Recursos Humanos	8

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Xestiona os procedementos administrativos relativos á formación, a promoción e o desenvolvemento de recursos humanos, designando os métodos e os instrumentos máis adecuados.	NO

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer os conceptos monetarios e non monetarios que definen o salario	1	Retribución dos Recursos Humanos	8,0
1.2 Describir a estrutura salarial dunha empresa ou sector			
TOTAL			8

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA5.5 Establecéronse os métodos de valoración do traballo e de incentivos.			0
CA5.5.1 Establecéronse os métodos de valoración do traballo e de incentivos.	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Cuestionario sobre métodos de valoración do traballo e incentivos 	S	70
CA5.5.2 Elaboráronse e analizaronse os métodos de valoración do traballo e de incentivos.	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Suposto práctico de elaboración e análise dos métodos de valoración do traballo e de incentivos 	N	30
TOTAL			100

4.5.e) Contidos

Contidos
0Sistemas de promoción e incentivos.

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Retribución dos Recursos Humanos - Nesta actividade describiremos os sistemas de remuneración e estudaremos a estrutura salarial recollida nos convenios colectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación dos sistemas de remuneración dos recursos humanos. • Resolución de supostos prácticos de busca de información sobre a retribución dos recursos humanos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Catálogo de postos de traballo. Análise dun catálogo de postos de traballo (grupos e categorías) e da táboa salarial correspondente a un convenio colectivo. • Conceptos salariais. Cuestionario de preguntas breves sobre conceptos salariais. • Tarefa de avaliación con PE2 e PE3 	<ul style="list-style-type: none"> • A proba escrita realizada • Cuestionario e suposto resoltos 	<ul style="list-style-type: none"> • Aula polivalente (proxector e pantalla) con equipo informático para o profesor • Computador persoal en rede para os alumnos • Aula virtual • Apuntes do profesor 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 - Cuestionario sobre métodos de valoración do traballo e incentivos • PE.2 - Suposto práctico de elaboración e análise dos métodos de valoración do traballo e de incentivos 	8,0
TOTAL						8,0

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	A función administrativa de Recursos Humanos	10

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Coordina os fluxos de información do departamento de recursos humanos a través da organización, aplicando habilidades persoais e sociais en procesos de xestión de recursos humanos.	NO

4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Analizar a información que proporcionan os sistemas de control de persoal e manter esa información actualizada 1.2 Identificar as obrigas coa Seguridade Social, axencia tributaria e traballadores. 1.3 Estableceuse o xeito de organizar e conservar a documentación do departamento de recursos humanos en soporte convencional 1.4 Valorar a importancia de aplicar criterios de seguridade, confidencialidade e accesibilidade no tratamento da información	1	A función administrativa de Recursos Humanos	6,0
2.1 Estableceuse o xeito de organizar e conservar a documentación do departamento de recursos humanos en soporte informático	2	Aplicación informática de xestión de persoal	4,0
TOTAL			10

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.2 Caracterizáronse habilidades de comunicación efectiva nos papeis laborais.	● PE.1 - Cuestionario sobre habilidades de comunicación nas relacións laborais	S	10
CA3.3 Establecéronse as canles de comunicación interna entre os departamentos da empresa, así como entre o persoal e os departamentos.	● PE.2 - Suposto práctico sobre a comunicación interna na empresa	N	5
CA3.4 Analizouse a información que proporcionan os sistemas de control de persoal para a mellora da xestión da empresa.	● PE.3 - Cuestionario sobre os sistemas de control de persoal	S	10
CA3.6 Estableceuse o xeito de organizar e conservar a documentación do departamento de recursos humanos en soporte convencional e informático.			0
CA3.6.1 Estableceuse o xeito de organizar e conservar a documentación do departamento de recursos humanos en soporte convencional	● PE.4 - Suposto práctico sobre organización e arquivo da documentación	S	5
CA3.6.2 Estableceuse o xeito de organizar e conservar a documentación do departamento de recursos humanos en soporte informático.	● LC.1 - Traballo de tratamento e interpretación de datos utilizando un programa informático de xestión de persoal.	S	40
CA3.8 Valorouse a importancia da aplicación de criterios de seguridade, confidencialidade, integridade e accesibilidade na tramitación da información derivada da administración de recursos humanos.	● PE.5 - Cuestionario sobre a aplicación da lei de protección de datos de carácter persoal Táboa de observación sobre aplicación de criterios de seguridade e confidencialidade no tratamento da información	S	5
CA3.9 Identificáronse as obrigas de carácter laboral da empresa coa administración e os traballadores	● PE.6 - Cuestionario sobre obrigas laborais da empresa coa administración e os traballadores	S	25
TOTAL			100

4.6.e) Contidos

Contidos
Comunicación no departamento de recursos humanos. Sistemas de control de persoal. Sistemas de control convencional de persoal Sistemas de control informático de persoal Rexistro e arquivo de información e de documentación. Aplicación da lei de protección de datos. Obrigas de carácter laboral da empresa Rexistro e arquivo da información e da documentación.

4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	
A función administrativa de Recursos Humanos - Identificar, elaborar e xestionar a documentación xerada na administración do persoal da empresa	<ul style="list-style-type: none"> • Descrición das funcións administrativas do departamento de recursos humanos • Resolución de supostos prácticos de xestión de recursos humanos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Cuestionario. Cuestionario de preguntas sobre a función administrativa de persoal. • Absentismo laboral. Realización de cálculos sobre absentismo laboral. • Control de gastos. Cumprimento da folla de control de gastos. • Documentación relativa a extinción da relación laboral. Redacción de cartas de despedimento. • Tarefa de avaliación combinada con PE1, PE2, PE3, PE5 e PE6 	<ul style="list-style-type: none"> • O traballo proposto • Os cuestionarios realizados 	<ul style="list-style-type: none"> • Apuntes do profesor • Microsoft Office Power Point • Proxector e ordenador • Internet e redes sociais 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 - Cuestionario sobre habilidades de comunicación nas relacións laborais • PE.2 - Suposto práctico sobre a comunicación interna na empresa • PE.3 - Cuestionario sobre os sistemas de control de persoal • PE.4 - Suposto práctico sobre organización e arquivo da documentación • PE.5 - Cuestionario sobre a aplicación da lei de protección de datos de carácter persoal Táboa de observación sobre aplicación de criterios de seguridade e confidencialidade no tratamento da información • PE.6 - Cuestionario sobre obrigas laborais da empresa coa administración e os traballadores 	6,0
Aplicación informática de xestión de persoal	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación e demostración de como aplicar un programa informático de xestión de persoal 	<ul style="list-style-type: none"> • Traballo con aplicación informática. Utilización dun programa de xestión de persoal para recoller incidencias. 	<ul style="list-style-type: none"> • O traballo realizado 	<ul style="list-style-type: none"> • Aula polivalente • Ordenador • Aula virtual 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.1 - Traballo de tratamento e interpretación de datos utilizando un programa informático de xestión de persoal. 	4,0



	TOTAL	10,0
--	-------	------

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Ética empresarial e Responsabilidade Social Corporativa	18

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza a empresa como unha comunidade de persoas, distinguindo as implicacións éticas do seu comportamento con respecto aos implicados nesta.	SI
RA2 - Contrasta a aplicación dos principios de responsabilidade social corporativa nas políticas de desenvolvemento dos recursos humanos das empresas, valorando a súa adecuación ás boas prácticas validadas internacionalmente.	NO

4.7.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar as variables éticas e culturais das empresas e determinar as actividades realizadas polas empresas e as persoas implicadas	1	Ética empresarial	8,0
1.2 Identificar os grupos de interese ante os que a empresa debe mostrar comportamento ético e establecer as normas de conduta ante estes.			
2.1 Analizar a normativa referente a Responsabilidade Social Corporativa	2	Responsabilidade social corporativa	10,0
2.2 Describir boas prácticas e iniciativas en Responsabilidade Social Corporativa			
TOTAL			18

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Determináronse as actividades realizadas na empresa, as persoas implicadas e a súa responsabilidade nelas.	● PE.1 - Suposto práctico sobre actividades realizadas na empresa e as persoas implicadas	N	16
CA1.2 Identifícanse claramente as variables éticas e culturais das organizacións.	● PE.2 - Cuestionario sobre variabéis éticas e culturais das organizacións	S	8
CA1.3 Avaliáronse as implicacións entre competitividade empresarial e comportamento ético.	● PE.3 - Cuestionario sobre relación entre competitividade e ética	S	6
CA1.4 Definíronse estilos éticos de adaptación aos cambios empresariais, á globalización e á cultura social presente.	● PE.4 - Cuestionario sobre estilos éticos da empresa	S	5
CA1.5 Seleccionáronse indicadores para o diagnóstico das relacións das empresas e os interesados (stakeholders).	● PE.5 - Suposto práctico sobre indicadores para o diagnóstico das relacións das empresas e os interesados	N	13
CA1.6 Determináronse elementos de mellora das comunicacións das organizacións externas e internas que promovan a transparencia, a cooperación e a confianza.	● PE.6 - Suposto práctico sobre as comunicacións externas e internas na empresa	N	5
CA2.1 Defínese o concepto de responsabilidade social corporativa (RSC).	● PE.7 - Cuestionario sobre o concepto de Responsabilidade Social Corporativa	S	10
CA2.2 Analizáronse as políticas de recursos humanos canto a motivación, mellora continua, promoción e recompensa, entre outros factores.	● PE.8 - Cuestionario sobre políticas de Recursos Humanos	S	10
CA2.3 Analizáronse as recomendacións e a normativa europea e española de organizacións intergubernamentais con respecto á RSC e ao desenvolvemento dos recursos humanos.	● PE.9 - Cuestionario sobre normativa respecto da Responsabilidade Social Corporativa	S	11
CA2.4 Descríbense as boas prácticas e iniciativas canto a códigos de conduta relacionados cos dereitos dos traballadores e das traballadoras.			0
CA2.4.1 Descríbense as boas prácticas e iniciativas canto a códigos de conduta relacionados cos dereitos dos traballadores e das traballadoras.	● PE.10 - Cuestionario sobre boas prácticas en RSC	S	16

TOTAL	100
--------------	------------

4.7.e) Contidos

Contidos
<p>Ética e empresa: empresa como comunidade e suxeito moral.</p> <p>Personificación das tarefas: comportamentos e actitudes.</p> <p>Comunidade de persoas implicadas (stakeholders): persoal directivo, empregados e empregadas, accionistas, clientela e persoas usuarias.</p> <p>Ética empresarial, competitividade e globalización.</p> <p>Valores empresariais e sociais en vigor. Adecuación de comportamentos. Imaxe e comunicación de comportamentos éticos.</p> <p>RSC: recomendacións e normativa europea e doutros organismos intergubernamentais (OIT, etc.).</p> <p>Políticas de recursos humanos e RSC.</p> <p>Códigos de conduta e boas prácticas.</p>

4.7.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
